

HAI QUE MOBILIZARSE ¡XA!

De volta das vacacións, lamentablemente non se ve ningún síntoma de mellora, todo o contrario.

Por unha banda, **a situación da carga de traballo segue igual e hai un goteo de despedimentos nas compañías. HAI QUE RETOMAR ESTE TEMA INMEDIATAMENTE.** Conseguir un barco non será tan fácil, pero o dique flotante depende dunha decisión política. Temos que poñer o futuro de Navantia no candelero, como está pasando co sector naval civil de Vigo, coa diferenza que, dado que somos unha empresa pública, non imos atopar na prensa burguesa o mesmo apoio que lle dá ós empresarios vigueses; mais ben temos que contar con que fará campaña pola privatización como solución ós problemas de Navantia.

Pero o que fai máis preocupante a situación de Navantia é o contexto de crise económica. E neste aspecto, as cousas empeoran a ritmos acelerados, como acabamos de comprobar en agosto, que nos deixou dúas novas reformas: unha laboral e a da Constitución.

A **nova reforma laboral** suspendeu temporalmente as limitacións ó encadeamento de contratos eventuais, creou un novo contrato de aprendizaxe co salario mínimo interprofesional e que eleva temporalmente a idade máxima até os 30 anos, prorrogou o período durante o cal o FOGASA asume o pago parcial das indemnizacións por despedimento e prorrogou tamén o período para a conversión de contratos temporais en contratos fixos baratos. En resume, máis beneficios para os empresarios e menos dereitos para os traballadores.

Pola outra banda, a **reforma constitucional** é gravísima, posto que mete na Constitución que o pago da débeda pública “gozará de prioridade absoluta”. É dicir, eleva ó máximo rango legal nin máis nin menos que os pagos ós bancos terán prioridade sobre calquera outro gasto do Estado. A escusa é evitar os ataques contra a débeda española, pero esta mesma semana a prima de risco volveu a dispararse até os 340 puntos. Os ataques non van cesar porque os capitalistas queren unha transferencia xigantesca de cartos ós seus petos a costa de todo: a sanidade, o ensino, as empresas públicas... Zapatero xa dixo tamén esta semana que non descarta novos recortes. E unha chegada do PP á Moncloa só empeoraría as cousas, como xa se ve en Castilla-La Mancha.

Os capitalistas declaráronnos a guerra e o dilema é asumir a derrota ou facerlles fronte. O Sector Crítico de CCOO está polo segundo. Pero hai que ter claro que calquera loita desde unha óptica estreita (de empresa, de localidade, de sector, de autonomía) non será suficiente. O ATAQUE SÓ SE PODE FREAR CUNHA AUTÉNTICA REBELIÓN DA CLASE OBREIRA EN DEMANDA DUNHA POLÍTICA ECONÓMICA FAVORABLE ÓS TRABALLADORES.

Os responsables de organizar esa rebelión son os dirixentes sindicais, que evidentemente non están cumprindo coa súa función. Teñen que abandonar inmediatamente a súa pasividade, lanzar unha campaña de asembleas nas empresas para explicar a situación a todos os traballadores do Estado español e iniciar unha mobilización contundente e unitaria. E se non queren facelo, os traballadores teremos que tomar a iniciativa, obrígalos a loitar e impoñer a unidade desde a base. A situación é demasiado grave como para seguir aturando a paz social. Hai que mobilizarse ¡XA!, e non mobilizacións como as recentes contra a reforma da Constitución: unha concentración en Ferrol pola mañá (como convocou a CIG) ou unha concentración en Coruña pola tarde (como convocaron o noso sindicato e UGT) cubren o expediente, pero son insuficientes e na práctica non serven para que os traballadores desta comarca nos mobilicemos. A situación demanda moito máis: **UNHA NOVA FOLGA XERAL.**